



Informa-t

Xuño2022

As organizacións sindicais UGT, CCOO e CIG péchanse na Consellería de Educación.

Reclaman a convocatoria urxente da Mesa Tripartita do Ensino concertado que leva dous anos sen convocarse. Úrxelle un Acordo de Mantemento de Emprego que evite a destrución de postos de traballo.

No día de hoxe as tres organizacións sindicais presentaron por rexistro unha proposta para acadar un Acordo de Mantemento de Emprego que resolvería o problema de moitas persoas traballadoras e centros educativos, sen apenas incremento do orzamento respecto ao do curso pasado.

A evolución da natalidade está reducindo ano a ano a matrícula nos centros educativos. Moitos comezan a ter dificultades e a 17 acaban xa de comunicarlle o peche de unidades. A tendencia á baixa da natalidade durante a última década, acelerouse nos anos 2020 e 2021. O panorama vai ser anda máis sombrío para os vindeiros cursos, cando os nados neses anos se incorporen ás aulas.

Resolver o problema mellorando a calidade do ensino

Sostemos que esta situación de descenso da natalidade, pode e debe ser aproveitada para avanzar na mellora da calidade do sistema educativo. A nosa proposta recolle medidas efectivas para resolver o problema. Sen incrementar o orzamento educativo, pódese abordar a redución das rateos alumno/unidade no ensino. Esa medida permitiría mellorar a atención ao alumnado, maior cohesión, favorecería a inclusión e o traballo colaborativo, etc. das que a nosa educación anda necesitada. Outras medidas que propomos (e que xa se dan noutras Comunidades) como a reposición da xubilación parcial, o incremento da dotación horaria aos centros que recolocan, a obrigatoriedade das patronais de acudir á bolsa de contratación, a redución da xornada lectiva, contribuirán sen dúbida a mellorar a calidade do ensino e a resolver o problema do persoal traballador e das empresas.

A Consellería ten a obriga de dialogar e negociar

As organizacións sindicais UGT, CCOO e CIG reclamámoslle á Consellería de Educación que, diante dunha situación altamente preocupante, se sente a negociar cos



Informa-t

traballadores dos centros concertados, algo que leva ser facer nos 12 últimos anos. Preocúpanos que, unha vez máis, a Consellería opte por aplicar medidas de recorte. Levámoslle solicitado con máis insistencia ca éxito que se sente cos axentes sociais. A súa xordeira empúrranos a medidas máis contundentes que se incrementarán se non obtemos ese mínimo que se espera dun goberno democrático: o diálogo cos axentes sociais e a capacidade de chegar a acordos.

Outros rebentaron a unidade sindical

Desafortunadamente, non participamos todas as organizacións sindicais, FSIE, sindicato maioritario do Ensino Concertado, dinamitou a unidade sindical existente e escolleu poñerse debaixo do paraugas da patronal abrazando as súas liñas vermellas a costa dos dereitos dos traballadores. Volverá ser a voz do seu amo reproducindo as consignas e mantras que lle diten e atacando aos que non seguen os ditados da patronal. Curiosa organización sindical que só se mobiliza cando o ordena a patronal e por intereses electorais.

É de recoñecer os comunicados de USO e SNEP aclarando os feitos acontecidos e denunciando a manipulación e mentiras de FSIE.

Obxectivo conseguido.

O peche tivo resultado: UGT, CCOO e CIG conseguen una reunión das Organizacións Sindicais co Director Xeral para a semana que ven e outra co conselleiro para o 5 ou 6 de xullo.

- ✓ **Se o obxectivo da convocatoria das mobilizacións convocadas pola patronal e FSIE era conseguir unha reunión das Organizacións Sindicais coa Dirección Xeral, pois non se preocupen, xa está conseguido.**
- ✓ **Se o obxectivo era conseguir o compromiso de reunión co conselleiro, non se preocupen, xa está conseguido.**
- ✓ **Se o obxectivo é facer demagogia e propaganda electoral, non se preocupen nós estamos para resolver os problemas dos traballadores. Iso llo deixamos para vostedes.**
- ✓ **E se o obxectivo é outro díganolo, nós non nos levantamos da mesa para negociar.**

E tampouco manipulamos ós compañeiros

Sindicato Nacional de Ensino Privado

XUNTOS PODEMOS MÁIS